



## Concello de Pontecesures

### ANUNCIO

*ANUNCIO polo que se someten ao trámite de información pública o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia (GA/19/001.095) e as zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia (GA/19/001.09.4).*

Mediante a Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, do 20 de outubro de 2022, aprobáronse provisionalmente o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia e as zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia.

O artigo 22 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, establece a obrigatoriedade de elaborar e aprobar, logo de trámite de información pública por un período mínimo dun mes, plans de acción en materia de contaminación acústica correspondente aos ámbitos territoriais dos mapas de ruído dos grandes eixes viarios, aqueles cun tráfico superior a 3 millóns de vehículos por ano.

O artigo 10 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, establece que os sectores do territorio afectados ao funcionamento ou desenvolvemento das infraestruturas de transporte viario, así como os sectores do territorio situados no contorno de tales infraestruturas, existentes ou proxectadas, poderán quedar gravados por servidumes acústicas.

Por iso, e de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, sométense ao trámite de información pública o Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas de Galicia e as zonas de servidume acústica dos grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia.

A duración da información pública será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Pontecesures (<https://pontecesures.sedelectronica.gal>), período en que os documentos poderán ser examinados polas persoas que o desexen co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que consideren oportunas.

Pontecesures,

O Alcalde

Juan Manuel Vidal Seage

*(Documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe)*

